

PASEO POLOS MONTES DA VEIGA

Luis Couto Lorenzo

Os arredores de Lalín ofrecen numerosas oportunidades para a práctica do sendeirismo e outras actividades en contacto coa natureza. Neste terceiro número de **Descubrindo** convidámosvos a un paseo polos Montes da Veiga e a parte máis oriental da parroquia de Goiás, lindante coa vila lalinense. Resulta sorprendente comprobar como a pesar da proximidade desta puxante poboación atopámonos nunha zona de gran atractivo paisaxístico e cunha importante riqueza en flora e fauna.

Os Montes da Veiga son estribacións duns 700 m de altitude que forman parte da elevación montañosa Alto da Rocha-Carrio-Mirón que separa os vales do Deza e Arnego. Ó longo deste século a paisaxe destas terras sufriu unha notable transformación: moitos soutos e carballeiras foron substituídos por praderíos conforme aumentaban as producións gandeiras; e máis recentemente, a mediados dos 80, nos terreos ocupados por monte baixo e algunhas frondosas empezouse a levar a cabo unha intensa repoboación forestal con piñeiros. A pesar disto aínda perduran algunhas masas de bosques autóctonos de gran bele-



O Chancelos na crecida do pasado decembro, ó seu paso por Carballeda.

za como a canada das Barrosas, onde nace o rego Chancelos que circunvalaremos no noso percorrido.

No tocante a fauna compre destacar a variedade de mamíferos que habitan neste val: **raposo, teixo, coello, esquío**, diversos **mustélidos, xabarín** e o **lobo**, que ocasionalmente pode achegarse ata estas paraxes, habendo citas deste depredador no ano 1999.

A avifauna constitúe outro grupo salientable, composto por numerosas especies de passeriformes, rapaces diurnas como **lagarteiro, miñado, azor, gabián**, a visitante estival **rapina cincenta** -máis escasa cás anteriores- e nocturnas como a **curuxa, o moucho**, ou a **avelaiona**.

A riqueza piscícola deste afluente do Arnego veuse moi afectada nos últimos anos; os veciños aínda lembran un Chancelos ateigado de **troitas**, que sacaban a cestos cando limpaban as presas dos muíños, e tamén falan da presenza ata hai pouco de **anguías**.

Outros puntos de interese desta rota encontrámoslos no patrimonio histórico-artístico, coa **igrexia románica de Goiás** e o singular **peto de ánimas da Veiga**, e nas panorámicas que avistaremos dende os montes da Veiga, abrangendo o val do Arnego e as montañas que o encerran: serra do Faro, Farelo e Carrio.

ACCESOS

Comezaremos este paseo na igrexa de Goiás, a menos de 3 km de Lalín. Para chegar a ela, hai que tomar a estrada N-640 de Lalín a Lugo e desviarnos á dereita a un 1'5 km por unha pista perfectamente sinalizada coa lenda "Goiás, Igrexa"

Igrexa de S. Miguel de Goiás

A igrexa románica de Goiás data do século XII, e está considerado como un dos templos máis notables do concello. A primitiva traza románica está moi modificada na parte traseira pola construción posterior de dúas capelas e un faiado sobre o ábside. Na fachada destaca a presenza de dous arcos cegos de descarga. Sobre a portada principal aínda se aprecia a marca do tellado a dúas augas dun pórtico anexo desaparecido posiblemente no século XIX. No interior é de admirar a feitura da capela dos Salgado -de planta octogonal- co sepulcro e a estatua orante do abade Amaro Gundín Salgado. Outro sepulcro de gran interese artístico é o que se encontra á esquerda segundo entramos no templo, onde xace un Cabaleiro da familia dos Taboada, segundo detallan Francisco Rubia e César Gómez Buxán no anterior número de **Descubrindo**.



Igrexa de San Miguel de Goiás

O cruceiro da Veiga de Lalín

No lugar da Veiga teremos ocasión de contemplar un curioso peto de ánimas. Trátase dunha obra de aspecto rústico e bastante antiga a xulgar polo gastado da pedra e os liques que a cobren. É un peto de tipo aberto encostado a unha cruz de labra ruda e cos brazos desnivelados. O espacio para o de caixón das esmolas, xa desaparecido, é de gran tamaño. Presenta varios gravados e o retablo parece representar, en opinión de Estanislao Fernández de la Cigoña, unha custodia coa hostia e os raios ó seu redor.



Peto de ánimas da Veiga.

ITINERARIO

Dende a igrexa de Goiás dirixímonos ó campo da festa, perto do cal veremos un antigo e valioso cruceiro. Cruzada a pista que sobe da estrada, continuamos de fronte, deixando o palco á nosa esquerda. Axiña imos pasar ó pé da casa reitoral de Goiás. Tras as últimas casas e naves do lugar a pista logo pasa a ser de terra.

Tras 1'20 km de marcha, na paraxe coñecida como Campo do Malato, acadamos una cruce e torcemos á esquerda. Medio quilómetro despois volveremos virar á esquerda na seguinte bifurcación. Case sen decatarnos viremos de atravesar o interfluvio entre o val do Deza e o do Arnego, polo que proseguiremos o resto do percorrido.

Esta primeira parte do itinerario discorre pola canada das Barrosas, onde abundan os carballos, ameneiros, bidueiros e outras árbores de ribeira. O rematarmos a subida (km 3'4) enlazamos cunha pista asfaltada e viramos á esquerda cara ó lugar de Porcallos, o máis afastado da parroquia de Goiás. Ós 700 m torcemos á dereita, entre dúas casas, 60 m despois facémolo á esquerda, e tras outros 30 m viramos novamente á dereita, describindo un ziguezague no lugar. Ó pé da última casa dos Porcallos (km 4'3) acadamos unha bifurcación e colle-



O Farelo dende os Montes da Veiga.

mos o ramal da esquerda. Tras outros 100 m continuaremos de fronte, desbotando a desviación da dereita. A partires de agora iremos sempre deixando as pistas que nos queden á man dereita.

Nesta parte da rota podemos observar unhas boas panorámicas do val do Arnego e das serras que o envolven: Faro, Farelo, en fronte de nós, o Carrío, á nosa esquerda, e outros montes como o Bocelo nas terras de Melide, coroados agora por un parque eólico.

No km 4'9 do percorrido atopamos outra bifurcación e tomamos o ramal da esquerda. O camiño neste tramo faise menos evidente, pero non ofrece dúbidas en canto a súa continuidade, sendo mesmo ciclable para os que vaian en bicicleta de montaña. Novamente no km 5'5 seguimos de fronte deixando a pista da dereita.

Tras un treito de descenso (km 6'3) empatamos con outra pista e torcemos á esquerda, continuando sen perda ata o lugar da Veiga (km 7'3).

Inmediatamente despois de atravesar a pontella sobre o rego Chancelos torcemos á esquerda subindo por un carreiro de 400 m que nos levará ata o peto de ánimas da Veiga. Dende este andaremos uns poucos metros ata a pista asfaltada e torcemos á esquerda cara ó Santón. A uns 200 m deste lugar acadamos un cruce onde viramos á dereita. Continuando o resto do itinerario por esta pista sen perda ata o lugar da igrexa de Goiás.



Lugar do Santón. Nevada no Santón. O seu topónimo probablemente proceda da redución de "San Antón", santo que comparte con S. Miguel a advocación desta parroquia de Goiás.

Opcionalmente, neste cruce a 200 m do Santón, pódese escoller outro percorrido menos cómodo pero máis interesante que discorre pola ladeira da Costa da Tella, o monte que fica en fronte deste lugar. Para isto hai que virar á esquerda neste cruce e subir pola pista cara ós Porcallos, ata encontrar -600 m despois-



O rego Chancelos ó seu paso pola Veiga.

un camiño á dereita que nos levará ata o rego Chancelos perto das Barrosas. Dende o río continuaremos polo antigo camiño real entre Goiás e Pardesoa que desemboca na pista de Goiás, perto da cooperativa.



Muíño da Veiga.

FICHA TÉCNICA

Pto de comezo:	Igrexa de Goiás
Distancia:	11 km
Duración:	1 hora en bici 2'15 horas a pé
Dificultade:	baixa
Desnivel máximo:	80 m
Época ideal:	mellor en tempo seco.

TEXTO, FOTOS E INFOGRAFIA: LUIS COUTO LORENZO

